

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE IMPORTE CONCEDIDO DAS AXUDAS PARA A DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, 2021/2022

A Resolución Reitoral do 4 de maio de 2022 pola que se convocan axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de doutoramento en protección do patrimonio cultural, no curso académico 2021/2022 di no punto 4.2 das bases reguladoras que “A contía individual máxima da axuda será o custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista no seu caso ata o esgotamento do crédito orzamentario”.

A Resolución Reitoral do 6 de setembro de 2022 pola que se publica a listaxe definitiva de axudas concedidas condiciona o importe da axuda concedida á acreditación do custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista.

Unha vez presentada a documentación que acredita o custo da actividade subvencionada,

Esta REITORÍA RESOLVE

1. conceder a María Teresa Gómez Morgade a bolsa por un importe de 300,00 € e a Ana Solares Canal a bolsa por un importe de 301,82 €

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-15c7-ec96-a679-1da5-31e0-ed70-2b0a-2cc8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 03/10/2022 12:47 | NOTAS : F